

BASES DO I CONCURSO DE CARTEIS 25 NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

1ª.- A área de Igualdade do Excmo. Concello de Narón, convoca o I Concurso de Carteis conmemorativos do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero. O cartel gañador do primeiro premio será utilizado para confeccionar os carteis e programas das actividades organizadas con motivo do 25 de novembro.

2ª.- O tema do cartel será libre.

3ª.- Poderán concursar no mesmo cantas persoas maiores de 18 anos o deséxen.

4ª.- Os carteis terán unha dimensión mínima de 30x42 cms. e máxima de 50x70 cms. e deberán presentarse sobre un soporte ríxido que faga factible a súa exposición.

5ª.- As traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos e non ser premiados con anterioridade en ningún outro concurso ou certame, para ese efecto, as persoas concursantes realizarán unha declaración xurada na que se manifesten referidas cuestións.

6ª.- Nos carteis presentados deberá figurar de forma ben visible o seguinte texto: 25 de novembro de 2012. Día Internacional contra a violencia de xénero. Así mesmo, na franxa inferior deberá reservarse espazo suficiente para a inserción dos logotipos oficiais.

7ª.- Os traballos deberán presentarse acompañados dun **sobre pechado** que conterà no seu interior o nome, os apelidos, dirección, teléfono, fotocopia do DNI do autor/a e a declaración xurada anteriormente referida. No exterior do sobre indicárase o tema da obra.

8ª.- Cada concursante poderá presentar un máximo de tres carteis.

9ª.- Establécese un primeiro premio de 300 euros e dous accésit de 150 euros. Estes premios estarán suxeitos a retención fiscal, de acordo coa normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

10ª.- O prazo de presentación dos traballos finalizará o día 1 de setembro de 2012, podendo ser presentados no rexistro municipal do concello de Narón ou a través dos medios contemplados no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

11ª.- O xurado estará composto polos seguintes membros:

- Presidenta: Concelleira de Igualdade.
- Catro representantes da Comisión de desenvolvemento da actividade social e Igualdade.
- Dous representantes do mundo das artes plásticas.
- Un/ha técnico/a do Servizo Sociocomunitario, con voz, pero sen voto.

Os nomes dos membros do Xurado non se farán públicos ata que se concedan os premios.

12ª.- O xurado examinará os traballos presentados tendo en conta os seguintes criterios de selección: Impacto social positivo, Calidade artística e Orixinalidade.

13ª.- Os premios poderán ser declarados desertos, se a criterio do xurado ningún traballo posúe os méritos necesarios para obtelos.

14ª.- O fallo do xurado, adoptado por maioría simple dos seus membros, será inapelable e darase a coñecer a partir do día 1 de novembro de 2012, a través de distintos medios de comunicación e da páxina web do Concello, sen prexuízo da correspondente notificación aos gañadores do concurso.

15ª.- Do 1 ao 30 de novembro de 2012 realizarase unha exposición cunha selección dos traballos presentados.

16ª.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello de Narón, que se reservará todos os dereitos para a súa utilización, reprodución e difusión, facendo mención da autoría, durante un prazo de quince anos, quedando obrigados/as os/as autores/as a outorgar o documento oportuno para a debida constancia pública da cesión da propiedade intelectual aquí establecida polo tempo anteriormente indicado.

17ª.- Os traballos non premiados poderán ser recollidos na Concellaría de Igualdade no prazo dun mes desde a finalización da exposición. Transcorrido devandito prazo sen que se producira a recollida dos traballos, procederase á destrución dos mesmos.

18ª.- A participación neste concurso leva a plena aceptación destas Bases e do fallo do xurado, así como a decisión do xurado ante calquera imprevisto non recollido nas mesmas.

19ª.- A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou exporse sobre a

interpretación das Bases, será de exclusiva competencia do Xurado que para ese efecto se designe.